

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
QUI	Química	CSQUI01	Laboratorio de análise e de control de calidade	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0075	Empresa e iniciativa emprendedora	2023/2024	2	53	53

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	EVA MARÍA ALONSO ALONSO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

**2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo**

1. Estas persoas exercen a súa actividade en empresas ou laboratorios de distintos sectores onde cumpra realizar ensaios físicos e fisicoquímicos, e análises químicas e instrumentais en materias e en produtos orientados ao control de calidade e á investigación, así como naqueles en que sexa preciso realizar probas microbiolóxicas e biotecnolóxicas en áreas ambientais ou de alimentación, entre outras.
2. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:
  - Analista de laboratorios de titularidade pública ou privada, nos sectores químico, microbiolóxico, de materiais, da industria agroalimentaria ou da transformadora.
  - Analista de centros de formación, investigación e desenvolvemento.
  - Analista microbiolóxico/a de industrias alimentarias, empresas ambientais, industrias biotecnolóxicas e farmacéuticas.
  - Analista microbiolóxico/a de augas potables e residuais.
  - Analista de materias primas e acabamentos.
  - Técnico/a de laboratorio de química industrial.
  - Técnico/a en control de calidade en industrias de manufacturas diversas.
  - Técnico/a de ensaios de produtos de fabricación mecánica e de materiais de construción.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A iniciativa emprendedora e a idea de negocio	Identificamos a innovación e o desenvolvemento económico. Analízase a cultura emprendedora, así como as características clave dos emprendedores e a súa actividade neste sector, valorando o traballo por conta propia, tendo en conta o risco asociado á iniciativa empresarial e desenvolvendo ideas de negocio, como punto de partida para o deseño dun proxecto empresarial.	10	20
2	O contorno da empresa e o mercado	Comprende a análise do ámbito xenérico e específico dunha empresa, a súa interrelación con ela e a súa influencia na localización e posta en marcha dun negocio. Identifícanse os requisitos para o exercicio da actividade empresarial e aspectos relacionados coa responsabilidade social, cultura empresarial e imaxe corporativa. Iniciamos o deseño estratéxico da empresa: actividades e procesos a desenvolver, organización dos recursos e estratexia de mercado.	19	35
3	Creación e posta en marcha dunha empresa	Comprende a análise das decisións iniciais que deberán tomar como empresarios e a súa inclusión no plan de empresa: forma xurídica da empresa, responsabilidade asociada a esta e fiscalidade, os trámites de constitución e posta en marcha, as vías de asesoramento, así como as axudas e subvencións para a creación dunha empresa.	9	15
4	Financiación, contabilidade e xestión da empresa	Considéranse os aspectos máis operativos da actividade empresarial: análise de investimentos e fontes de financiamento, nocións básicas de contabilidade e análise da información contable, elaboración dun plan financeiro, análise das obrigas fiscais xestión administrativa dunha dunha peme do sector.	15	30

**4. Por cada unidade didáctica**
**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
1	A iniciativa emprendedora e a idea de negocio	10

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	SI

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector de laboratorio e control de calidade.
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito do sector de laboratorio e control de calidade que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA1.8 Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.

**4.1.e) Contidos**

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de laboratorio e control de calidade. (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.). A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia. Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración. A actuación das persoas emprendedoras no sector de laboratorio e control de calidade. O risco como factor inherente á actividade emprendedora. Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social. Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas. Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito de laboratorio e control de calidade.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	O contorno da empresa e o mercado	19

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.

Criterios de avaliación
CA2.3 Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de laboratorio e control de calidade en función da súa posible localización.
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada con laboratorio e control de calidade e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
CA2.8 Identificáronse, en empresas de laboratorio e control de calidade prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
CA2.11 Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de laboratorio e control de calidade, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.
Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de laboratorio e control de calidade: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de laboratorio e control de calidade: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
Localización da empresa.
A persoa empresarial. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.

Contidos
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Creación e posta en marcha dunha empresa	9

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector de laboratorio e control de calidade.
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA3.6 Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de laboratorio e control de calidade tendo en conta a súa localización.

**Criterios de avaliación**

CA3.9 Inclúise no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.

**4.3.e) Contidos**
**Contidos**

Formas xurídicas das empresas.

Responsabilidade legal do empresario.

A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.

Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.

Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.

Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de laboratorio e control de calidade.

Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Financiación, contabilidade e xestión da empresa	15

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.2 Descríbóronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resúmenes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionadas con laboratorio e control de calidade, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
<p>Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector de laboratorio e control de calidade.</p> <p>Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.</p> <p>Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.</p> <p>Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.</p> <p>Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.</p> <p>Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de laboratorio e control de calidade: documentos administrativos e documentos de pagamento.</p> <p>Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.</p>

**5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

<p><b>CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN</b></p> <p>As cualificacións obtidas polo alumno/a expresaranse en cifras de 1 a 10, sen decimais. Obterá unha avaliación positiva a alumna/o que acade</p>
--



unha cualificación igual ou superior a 5.

Para a cualificación aplicarase o seguinte baremo:

- Proba escritas (40%)

En caso de realizar varias probas no trimestre calcularase a media aritmética, sempre e cando se acade un mínimo de 4 en cada unha das probas.

As probas poden conter preguntas tipo test, de resposta curta ou supostos prácticos.

Na realización das probas obxetivas queda prohibido o emprego de teléfonos móbiles, tabletas ou calquer dispositivo de comunicación do alumnado co exterior.

Sen prexuízo das medidas disciplinarias axeitadas, aqueles alumnos/as que incorresen en calquera tipo de fraude nas probas obxetivas, fose sorprendido copiando ou utilizando materiais non autorizados na realización das probas, será cualificado como cero e non terá dereito á repetición da proba.

- Traballo de Aula

Neste apartado incluírase a realización ou entrega de actividades individuais ou grupais, a elaboración do proxecto de empresa dacordo co seguinte baremo

Tarefas individuais: 20%

Para a valoración destas actividades e tarefas se terán en conta os seguintes criterios:

- Obtención dos obxectivos propostos para a actividade.

- Análise e interpretación da información.

- Corrección ortográfica, gramatical, de expresión e presentación.

- Cumprimento de prazos de entrega: aquelas tarefas que deban ser entregadas para súa cualificación soamente serán valoradas cando se entreguen no prazo fixado e na forma indicados. No caso de que excepcionalmente se permita entrega fóra de prazo, aplicarase unha penalización do 50%

Proxecto de empresa: 40%

Valorarase, mediante revisións periódicas e exposición en clase, o desenvolvemento do proxecto, tendo en conta as achegas e implicación de cada membro no proxecto empresarial.

Para aplicación do baremo anterior, é preciso obter un mínimo de 4 en cada unha das partes. Obterá unha avaliación positiva a alumna/o que acade unha cualificación igual ou superior a 5.

A avaliación realízase ao longo de todo o proceso formativo, polo que ten un carácter continuo. Por este motivo, é necesaria a asistencia a clase.

Os mínimos esixibles para acadar a avaliación positiva son os establecidos como tales en cada UD no apartado 4.b desta programación.

o Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.

o Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.

- o Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector.
- o Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
- o Decidiuse unha determinada idea de negocio que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
- o Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.
- o Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral e específico que rodea a empresa.
- o Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha peme do sector, en función da súa posible localización.
- o Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
- o Identificáronse prácticas que incorporen valores éticos e sociais e definíronse obxectivos incorporando estes valores.
- o Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
- o Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cóm-pren para desenvolver a actividade empresarial.
- o Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
- o Valorouse o grao de responsabilidade legal das persoas socias da empresa en función da forma xurídica elixida.
- o Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica
- o Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
- o Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
- o Definíronse as obrigas fiscais dunha peme do sector, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal.
- o Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable para unha peme do sector.
- o Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

A recuperación forma parte do proceso de ensino aprendizaxe e deberá iniciarse cando se detecten deficiencias nalgúns alumnos, sen esperar a que suspendan. Por iso, cando o alumno non alcanza o dominio dos conceptos incluídos nas unidades de traballo seguindo os criterios de avaliación establecidos, adoptaranse as seguintes medidas de recuperación:

- Actividades de repaso dos conceptos e procedementos.
- Elaboración de mapas conceptuais e esquemas.
- Realización de casos prácticos.
- Traballo individuais.
- Probas escritas



## 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A perda do dereito á avaliación continua supón que se pode seguir asistindo a clase pero haberá que realizar unha avaliación extraordinaria.

A avaliación extraordinaria consistirá en

- Realización dunha proba escrita de carácter teórico-práctica sobre os contidos do módulo. O resultado desta proba suporá o 75% da cualificación final do módulo
- Parte teórica: poderá incluír cuestións de diferente tipo: tipo test ou de resposta corta
- Parte práctica: consistirá en resolver diferentes supostos relacionados cos contidos do módulo

Para a cualificación positiva na proba de avaliación extraordinaria o alumno/a debe obter un mínimo de 5 puntos (dun total de 10) na proba escrita

- Entrega dun plan de negocio, que comprenda o análise dos principais elementos dun proxecto empresarial : 25% da cualificación final do módulo

Os resultados de aprendizaxe, e polo tanto os criterios de avaliación, serán os mesmos que para o resto do alumnado que se examine de forma ordinaria.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- O grao de cumprimento da temporalización
- O logro dos obxectivos programados
- Os resultados académicos acadados

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de cuestionarios periódicos pasados aos alumnos nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula e no taller, técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

Esta programación será obxecto de avaliación en si mesma coa finalidade de comprobar a eficacia e a validez desta proposta curricular, así como establecer modificacións de mellora de cara ao vindeiro curso. Para a elaboración desta programación partiuse dunha avaliación inicial: tendo en conta a información previa do alumnado ao que vai dirixida, o centro, o currículo do ciclo, o calendario escolar para este curso, os recursos e medios dispoñibles.

A avaliación levarase a cabo de xeito continuo e simultáneo respecto á súa posta en práctica o que permitirá a modificación da programación no momento en que se detecte a necesidade de axustarse á realidade da aula e do grupo. Con carácter mensual farase constar nas actas do departamento a valoración do seguimento da programación. O seguimento reflectirase na aplicación informática web de xestión das programacións

O seguimento da programación reflectirase na aplicación informática web de xestión das programacións

Ao final do curso farase unha avaliación sumativa na que se valore o axuste de todos os elementos curriculares propostos nesta programación e as conclusións desta avaliación final recolleranse nun documento que formará parte da memoria do ciclo.

O seguimento e a avaliación será realizada pola profesora do Módulo, e, nas súas conclusións terá en conta a valoración feita polo propio alumnado.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo do curso levarase a cabo unha avaliación inicial, co obxectivo de saber cales son os coñecementos previos e dos alumnos e alumnas e poder axustar a intervención educativa ao grupo.

Para realizar esta avaliación inicial dos coñecementos previos do alumnado utilizaranse os seguintes instrumentos:

- Cuestionarios nos que o alumnado exprese os seus coñecementos e opinións e posterior posta en común e debate.
- Preguntas sobre artigos de prensa ou textos para coñecer o grao de comprensión de textos, a capacidade análise e síntese
- Manexo de medios informáticos (internet, procesador de textos...) para coñecer o grao de competencia.

Esta avaliación inicial tamén levarase a cabo ao comezo de cada unidade didáctica, referida aos coñecementos e actitudes previas sobre os contidos concretos da unidade. Neste momento empregaremos tamén a sondaxe e o torbellinos de ideas.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Polo que se refire á atención á diversidade, non existe notificación de ningún alumno/a que vaia precisar medidas extraordinarias de atención.

De calquera xeito ao longo do curso iranse adoptando as medidas de reforzo que se consideren necesarias para os alumnos ou alumnas que o precisen.

Deste modo podemos describir as seguintes medidas de reforzo con carácter xeral:

- Propoñer diversas actividades diferenciadas en grao de dificultade e complexidade para traballar o mesmo contido, garantindo sempre a adquisición dos mínimos esixibles.

Para os alumnos que o precisen, repetición individualizada dalgunhas explicacións, elaboración de materiais específicos que faciliten a comprensión e consecución de pequenos logros como elementos de motivación.

- Adaptación aos ritmos e tempos tanto do grupo como individuais, axustando a temporalización das unidades de traballo.

Cando a profesora considere necesario poderá ampliar o prazo de realización e entrega de tarefas para os alumnos que presenten dificultades

- Ter en conta os intereses do alumnado sen perder de vista a funcionalidade das aprendizaxes.

- Crear un ambiente de traballo cooperativo, de axuda mutua, e formar equipos de traballo que integren a alumnas/os con diversidade de intereses, motivacións e capacidades.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

O noso labor é formar persoas e profesionais competentes, polo que debemos axudar ao desenvolvemento dos alumnos en distintos ámbitos:

- Desenvolvemento profesional: se trata de que cada alumno desenvolva de forma progresiva as capacidades xerais e específicas necesarias para afrontar de xeito coherente a súa opción profesional.
- A identidade persoal: intentaremos contribuír ao seu desenvolvemento en distintos ámbitos: construción do autoconcepto e desenvolvemento da autoestima.
- Desenvolvemento Social: traballaremos en equipo, debates, coloquio, e traballando a prevención e resolución de conflitos e fomentando a participación na aula.

A principais ferramentas para lograr este desenvolvemento son as ensinanzas transversais e a educación moral e ética no ámbito laboral:

A. As ensinanzas transversais.

En distintos momentos das unidades didácticas trátanse contidos transversais, sempre de forma integrada cos contidos do módulo.

#### A.1. Educación Ambiental

Obxectivos

- Respectar as normas urbanísticas e ambientais, na localización e posta en marcha da empresa.
- Desenvolver unha actitude crítica ante a ética ambiental das empresas.
- Coñecer e reflexionar sobre os problemas ambientais actuais.

Inserción: na localización da empresa e na xestión comercial.

Metodoloxía: Formularase unha reflexión sobre a necesidade de respectar as normas urbanísticas e ambientais para a implantación da empresa. Tamén se realizará unha análise crítica das normas ambientais que afectan ás licenzas de apertura de establecementos e de obras.

Avaliación: Valorarase a descrición e análise de noticias nos medios de comunicación sobre este tema e as propostas de posibles cambios de actitude fronte á situación ambiental.

#### A.2. Educación moral e cívica

Obxectivos

- Valorar a necesidade de colaboración na actividade emprendedora.
- Ser consciente da responsabilidade do empresario sobre o desenvolvemento e a confidencialidade nos procesos de xestión dunha empresa.
- Desenvolver criterios de actuación que favorezan intercambios responsables e comportamentos de respecto e xustiza no posto de traballo.

Inserción: na elaboración do proxecto empresarial e na xestión administrativa da empresa.

Metodoloxía: Desenvolveranse exercicios de cooperación nos procesos de creación e desenvolvemento dun proxecto empresarial, nos que sexa necesario un compromiso para levar adiante un proxecto.

Avaliación: Valorarase a actuación ante situacións de traballo en grupo nas que a colaboración determina o éxito ou o fracaso, así como a toma de decisións por parte do alumno, que supoña buscar e aplicar novas solucións ante problemas empresariais.

#### A.3. Educación para a igualdade entre os sexos

Obxectivos

1. Desenvolver actitudes críticas e suxerir cambios fronte a aquelas manifestacións sexistas que poidan xerarse no ámbito laboral.

2. Favorecer a igualdade de oportunidades de ambos os dous sexos no ámbito laboral.

Inserción: na elaboración do proxecto empresarial, na elaboración e a formalización da documentación administrativa e na xestión do persoal.

Metodoloxía: Formularase a resolución de conflitos ou dilemas morais, reflexionando, valorando, argumentando e actuando con respecto e tolerancia ante a diversidade social. A continuación realizarase unha posta en común de experiencias persoais que poñan de manifesto algunha vivencia de discriminación social.

Tamén se propoñerán exercicios para o desenvolvemento da autoestima.

Avaliación: Analizaranse situacións de discriminación en ámbitos laborais. Estudaranse casos que formulen a igualdade de oportunidades no ámbito laboral. E analizarase a documentación para determinar onde e por que se producen situacións de discriminación.

#### A.4. Educación nas novas tecnoloxías

Os alumnos e alumnas deben ser capaces de facer un xuízo crítico sobre a realidade social, construír de forma libre e racional o seu propio sistema de valores e actuar en consecuencia.

Polo tanto, os temas transversais teñen como finalidade contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades necesarias para inserirse como cidadáns, de modo activo e crítico, na sociedade na que viven

Dentro da dinámica xeral do proceso de ensino e aprendizaxe traballaranse os seguintes contidos relacionados coa educación en valores:

- A iniciativa individual e a responsabilidade.
- A igualdade de dereitos e oportunidades entre os sexos, o rexeitamento a todo tipo de discriminacións.
- A diversidade como un valor enriquecedor: no respecto ás ideas, opinións e ideoloxías dos compañeiros/as, a valoración das achegas dos compañeiros/as e o traballo en equipos, fomentando hábitos de comportamento democrático
- Educación para a saúde e a educación ambiental, especialmente dentro do tema da responsabilidade social empresarial

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Actividades previstas durante o curso escolar Sempre que sexan dentro dos acordos establecidos no R.R.I.e poidan levarse a cabo no desenvolvemento da programación. A temporización repartirase nos tres trimestres dependendo das disponibilidades orzamentarias e da programación.

#### COMPLEMENTARIAS

Visita a establecementos de diferente categoría e tipoloxía.

Cine Forum: visionado de películas como ferramenta de aprendizaxe. O alumnado deberá cubrir un cuestionario con varios temas de reflexión unha vez remata a película. Tamén dará lugar ao debate e a posta en común de ideas. É unha actividade adecuada para levar a cabo tras as sesións de avaliación de cada trimestre. Exemplos de películas que poderíamos proxectar:

-Piratas de Silicon Valley



- Catch me if you can
- Erin Brockovich
- Wall Street
- A rede social
- Up in the Air
- Forrest Gump
- Full Monty
- Risky business
- O segredo do meu éxito
- Start-up.com
- Mitoloxía para emprendedores (documental)

Actividades complementarias dirixidas ao fomento do espírito emprendedor

Charlas e xornadas sobre emprendemento organizadas polo centro ou por diferentes institucións como o IGAPE ou a Cámara de Comercio, en colaboración co departamento de orientación e información profesional.

Participación do alumnado nos programas e concursos dirixidos ós alumnos de ciclos superiores que se convoquen durante o curso, como o programa IDEA dentro do Plan Eduemprende (consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria) e o programa COOPERATIVIZATE

(consellería de Traballo e Benestar). A participación nestas actividades dependerá da súa convocatoria e do interese dos alumnos.

Actividade de coñecemento dos recursos ofertados no centro dentro do Plan Eduemprende

Actividades extraescolares

Asistencia a feiras ou congresos de emprendemento que se celebren na cidade

Simulación de actividades de xestión empresarial coa utilización do Programa Simula